



**EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
“RESPECTO DA INCORPORACIÓN DE MEDIDAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DE
2018 DIRIXIDAS A LIMITAR E CONTROLAR OS CONTRATOS MENORES”.**

Á vista da moción presentada polo grupo municipal socialista ao Pleno do Concello de Santiago relativa á incorporación de medidas nas bases de execución de 2018 dirixidas a limitar e controlar os contratos menores (n.º rex. 282), e tendo en conta que o Concello de Santiago xa empregou con éxito a licitación electrónica a principios do 2015 (sendo o primeiro concello de Galicia en levar a cabo un procedemento deste tipo), e a maior axilidade, transparencia, confidencialidade e accesibilidade deste medio de cara a garantir unha maior concorrencia, ao abeiro do disposto no artigo 86 do ROM do concello de Santiago formúlase a seguinte emenda de substitución:

Primeiro.- Instar ao Goberno Municipal a que nos contratos de servizos de contía superior a 3.000 euros o sistema de licitación sexa electrónico, empregando para iso a Plataforma de licitación electrónica da Administración Local (LeAL), posta en marcha pola Axencia de Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia, e coa que este concello xa levou a cabo procedementos de licitación a principios do 2015, ou calquera outra que se desexe empregar.

Segundo.- A licitación electrónica empezarse a empregar progresivamente desde o mes de outubro do 2017 nos contratos de servizos antes mencionados, ata lograr a súa implantación total para os contratos mencionados no punto primeiro ao longo do exercicio 2018.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017


Asdo. Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular